

3. A resolución da Alcaldía sobre a procedencia ou improcedencia de conceder as autorizacións para a utilización dos espazos, será notificada aos interesados e aos servizos encargados da súa execución. Si o concello non emite resolución en prazo a autorización considerarase desestimada en todo caso.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da ordenanza.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto de forma integra no BOP de Lugo e transcorra o prazo regulamentario ó que se refire o artigo 70 da Lei de bases de réxime local.”

Barreiros, 20 de xaneiro de 2015. O Alcalde. J. Alfonso Fuente Parga

R. 0247

Anuncio

Por Acordo Plenario de data de 24 de novembro de 2014, aprobouse inicialmente **ó Regulamento sobre exclusión da obriga de presentar factura electrónica naquelas facturas inferiores a 5.000 €** e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

“REGULAMENTO SOBRE EXCLUSIÓN DE OBLIGACIÓN DE PRESENTAR FACTURA ELECTRÓNICA NAQUELAS FACTURAS INFERIORES A 5.000 €.

Artigo único.-

Facendo uso do previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público, este concello exclúe a obriga de facturación electrónica ós provedores cuxas facturas non excedan dun importe total de 5.000 €.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015, unha vez se publique o seu texto de forma integra no BOP de Lugo e transcorra o prazo regulamentario ó que se refire o artigo 70 da Lei de bases de réxime local.”

Barreiros, 20 de xaneiro de 2015. O Alcalde. J. Alfonso Fuente Parga

R. 0248

Anuncio

Por Acordo Plenario de data de 24 de novembro de 2014, aprobouse inicialmente **á Ordenanza do servizo de saneamento e depuración de augas residuais do concello de Barreiros** e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

“ORDENANZA DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE BARREIROS.

INDICE

PREÁMBULO

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

Artigo 2.- Finalidades.

Artigo 3.- Infraestruturas e instalacións do Servizo Municipal de Saneamento.

Artigo 4.- Definicións.

Artigo 5.- Ambito de aplicación.

Artigo 6.- Explotación das instalacións do Servizo Municipal de Saneamento. Entidade xestora.

Artigo 7.- Relativo as normas de construción e urbanísticas.

CAPÍTULO II.- DEBERES DOS USUARIOS DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL